



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio

Edificios administrativos - San Caetano s/n  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 544 121 / Fax: 981 544 125  
secretaria.xeral@conselleriadefacenda.es

galicia

## ACTA DA 4ª REUNIÓN DA MESA CONSTITUÍDA PARA A COMPRA, POR CONCURSO PÚBLICO, DUN INMOBLE NO CONCELLO DE CANGAS CON DESTINO A OFICINA DE EMPREGO

### ASISTENTES

**Presidente:** D. Pablo Viaño Lorenzo,  
Subdirector xeral do Patrimonio

### Vogais:

D<sup>a</sup> María del Carmen Rodríguez Mujico,  
asesora xurídica da Consellería de Facenda

D. María Teresa Hermo Mato, xefa do servizo  
de Fiscalización e Contabilidade da  
Intervención Delegado da Consellería de  
Facenda

D. Jesús Sanjurjo Paz, subdirector xeral de  
Orientación Laboral da Dirección Xeral de  
Orientación e Promoción Laboral da  
consellería de Economía, Emprego e Industria

**Secretaria:** D<sup>a</sup> Silvia Tenreiro Deibe, xefa de  
Sección da Subdirección Xeral do Patrimonio

En Santiago de Compostela, a 12 de setembro de 2019, sendo as 10:00 horas, reúnense na sala de xuntas do edificio administrativo da rúa Pastoriza, 8, a mesa de contratación composta polos membros que á marxe se relacionan, para o exame da documentación remitida para aclarar a posibilidade de establecer unha oficina de emprego no inmovible ofertado pola entidade ABANCA Corporación Inmobiliaria SL consonte ás normas das comunidades de propietarios.



Ás 10:00 o presidente abre a sesión que foi convocada coa seguinte orde do día:

1. Análise da documentación achegada polo licitador
2. Proposta de adxudicación.

Sométese á consideración dos presentes a documentación achegada, onde os presidentes das comunidades de propietarios dos edificios onde se atopan os locais contiguos da avenida de Lugo 37-39 e 41-43 do concello de Cangas, certifican que dende un punto de vista comunitario non existe impedimento para o establecemento da oficina de emprego en ambos inmobles.

En base ao anterior, e tendo cumprido a única oferta presentada os requisitos mínimos esixidos no prego de condicións a mesa acorda por unanimidade propoñer a adxudicación do contrato de compra a favor de Abanca Corporación Inmobiliaria, SL por importe de 231.400 €.

Non tendo máis asuntos que tratar dáse por rematado o acto ás 10.10 horas, levantándose a presente acta no lugar e data indicados

O presidente

Pablo Viaño Lorenzo

A secretaria

Silvia Fenreiro Deibe

A asesora xurídica

María del Carmen Rodríguez Mujico

Pola Intervención Delegada

María Teresa Hermo Mato

O representante da Consellería  
solicitante

Jesús Sanjurjo Paz